

RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA



UN MUNDO MÁIS SEGURO, UN MUNDO MELLOR

Seguridade A1 é unha empresa comprometida co medio ambiente, a sociedade e a innovación.



XESTOS COTIÁS, IMPACTOS GLOBAIS

Esforzámonos cada día para cumprir cos obxectivos marcados en diferentes materias relacionadas coa sostibilidade ou a mellora das condicións laborais dos nosos traballadores.

PENSANDO NA SOCIEDADE

Establecemos programas de boas prácticas ambientais, ofrecemos unha formación continua e facilitamos a conciliación laboral e familiar dos nosos empregados.

COMPROMISO POLA EXECELENCIA

É un dos nosos sinais de identidade. Por iso, Seguridade A1 foi a primeira empresa galega do sector en certificar o seu Sistema de Xestión de Calidade.



O PRIMEIRO, OS CLIENTES

Apostamos pola formación continua do noso equipo, a mellora dos procesos e a implantación de medidas de control de calidade, todo cun mesmo obxectivo: a satisfacción dos nosos clientes.

INNOVAR PARA MEDRAR

Innovamos constantemente na busca de solucións que permitan ofrecerlle aos nosos clientes os sistemas máis fiables, fomentando unha comunicación fluída e acadando a confianza de quen pon nas nosas mans a súa seguridade.

UN FUTURO PARA TODOS

En Seguridade A1 non pensamos só no presente, por iso contamos cunha serie de medidas eco-friendly. Ser respectuosos co medio ambiente ten innegables beneficios para a nosa empresa e para a sociedade.



EFICIENCIA

O respecto polo medio ambiente está presente nas infraestruturas e procesos necesarios para o desenvolvemento da nosa actividade. O edificio que alberga as nosas oficinas centrais está deseñado para ser eficiente, por iso os elementos estruturais axudan a regular a temperatura e permítenos ser máis

SOSTIBILIDADE

ndependentes dos sistemas de refrixeración e calefacción. A enerxía coa que abastecemos eses sistemas de climatización é xeotérmica, moito máis sostible que a convencional xa que é renovable. Tamén temos instaladas placas solares na nosa nave para ter outra fonte de enerxía renovable coa que abastecemos.

XUNTOS SOMOS MÁIS FORTES

Fomentamos a colaboración con outras empresas na busca de solucións aos problemas medioambientais e aos retos do sector. Para garantir que todo funciona correctamente, dispoñemos dun Sistema de Xestión Ambiental certificado segundo a norma europea ISO 14001.



RESPONSABILIDADE DIARIA

Avogamos pola eficiencia na nosa actividade diaria coa instalación dun sistema de iluminación eficiente e a inversión en tecnoloxía para reducir o uso de papel nas nosas oficinas. Tamén coa vista posta no medio ambiente, optimizamos a organización das rutas que realiza o noso persoal técnico para reducir as emisións de CO2 dos vehícu

UNHA SEGUNDA VIDA

los da empresa. Outro punto forte da nosa política ambiental é a redución de xeración de residuos e a reutilización dos envases que empregamos na nosa actividade. Apostamos por completar a súa vida útil, a diferenza doutras empresas que desbotan equipos que só precisarían mantemento para seguir operativos.

CARA UNHA SOCIEDADE IGUALITARIA

O noso compromiso coa sociedade comenza por garantir a igualdade de oportunidades na nosa empresa.



AS MESMAS OPORTUNIDADES

En Seguridade A1 apostamos por un acceso ao mercado laboral que unicamente valore méritos e capacidades e promovemos a presenza equitativa de homes e mulleres no cadro de persoal.

SOCIALMENTE RESPONSABLES

O capital humano é o valor máis importante dunha organización, cremos firmemente que a aposta pola igualdade e a conciliación contribúe a un mellor funcionamento da nosa empresa.